

CENTRO: CEIP ARTEIXO
CURSO: 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- **Avaliación e cualificación.**
- **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- **Información e publicidade.**

• Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude.	Identifica a imposibilidade de ser feliz en determinadas situacións.
Recoñecer a necesidade de un Salvador para ser feliz.	Busca nos textos bíblicos frases que comunican o mesianismo de Xesús e a súa relación co Pai.
Interpretar signos, en diferentes culturas que evidencian que a plenitude humana se alcanza con Deus.	Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na pintura, música.
Comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus.	Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ó Pai, con situacións que viven os seres humanos.
Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa.	Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e a Igrexa.
Identificar os trazos do tempo litúrxico de Pascua.	Sinala e explica os principais signos pascuais.
Recoñecer e valorar o cambio de vida xerado polo encontro co Resucitado.	Selecciona testemuñas de cristiáns exemplares: Francisco de Asís, Madre Teresa de Calcuta.
Valorar a achega dos sacramentos de servizo á misión da Igrexa.	Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.

• Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Observación diaria sistemática do alumno/a a través de: Fichas, actividades, cadernos, organigramas, esquemas, acrósticos, debuxos, interpretacións de momentos bíblicos reflexados na historia da arte...
	Instrumentos: Enquisas de autoavaliación do alumnado, Guías de análise, Reunions do departamento...
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Resultado da continuidade do 1º e 2º trimestre: 1ª Avaliación: 40%

	2ª Avaliación: 60%
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

• Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades publicaránse na aula virtual da páxina web do centro.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	No desenvolvemento das tarefas empregaránse diversas estratexias metodolóxicas: Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades cotiás. Evolución dos intereses, gustos e preferencias do alumnado. Desenvolvemento dos obxectivos dos dous primeiros trimestres.
Materiais e recursos	Fichas elaboradas pola mestra a partir de diversos medios dixitais, con actividades de repaso, reforzo e nalgún caso de ampliación. Distintos recursos dixitais para a consulta como Internet, enlaces de interese, páxinas web de arte relixiosa, ... DVD's de películas de temática relixiosa relacionada co reforzo dos contidos traballados na aula.

• Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Comunicación co alumnado e as súas familias a través do correo oficial da Xunta e envío das actividades ás coordinadoras de nivel para ser publicadas na aula virtual da páxina web do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

